



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Dereito: Introducción ao dereito civil e dereito da persoa

Materia	Dereito: Introdución ao dereito civil e dereito da persoa			
Código	V08G081V01203			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	Estévez Abeleira, Teresa Dolores			
Profesorado	Estévez Abeleira, Teresa Dolores			
Correo-e	estevez.abeleira@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia impartida no segundo cuadrimestre do 1º curso do Grao de Dereito na Facultade CCXX e do Traballo. Trátase dunha materia de formación básica que achega ao alumno ao concepto de Dereito civil, a persoa física e a persoa xurídica, as cousas e o patrimonio así como aos dereitos subxectivos. Permite coñecer institucións xurídicas esenciais no Dereito civil.			

## Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C40	CE48 - Ser capaz de identificar problemas xurídicos de Dereito civil, abordando a súa solución mediante a procura, interpretación e aplicación da normativa civil aplicable ao suposto concreto
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Trátase de que o/a alumno/a coñeza institucións xurídicas esenciais no Dereito civil, partindo do concepto do Dereito para, a continuación, centrarse no Dereito civil como Dereito privado xeral, a persoa física e xurídica, as cousas, o patrimonio, os dereitos subxectivos así como o negocio xurídico	A2	B1	C40	D1
	A3	B4		D3
	A4			D4
	A5			D5

## Contidos

Tema	
Tema I: O Dereito civil.	O Dereito e as súas clasificacións. Concepto de Dereito civil. O Código civil: sistemática, estrutura e contido. O Título Preliminar do Código civil: especial consideración da interpretación das normas. A lexislación civil especial. Formación histórica do Dereito civil.
Tema II: A codificación e os Dereitos civís territoriais	A codificación e a progresiva descodificación. Os Dereitos civís territoriais e o Código civil. O Dereito civil de Galicia. Lexislación civil especial de Galicia.
Tema III: A persoa, en xeral.	Dereito civil e Dereito da persoa. Concepto e clases de persoa. Capacidade xurídica e capacidade de obrar. Os Dereitos da personalidade: consideracións xerais. En particular: O Dereito á vida e á integridade física. O Dereito á honra, á intimidade e á propia imaxe.
Tema IV: A persoa física.	Comezo da personalidade: o nacemento. A protección xurídica do nasciturus. Fin da personalidade: a morte. A maioría de idade. A menor idade: capacidade de obrar e responsabilidade. A emancipación.
Tema V: A incapacitación.	Significado da incapacitación. Concepto e caracteres. Causas de incapacitación. Requisitos e procedemento de incapacitación. A incapacitación de menores. Efectos da declaración xudicial de incapacidade. Internamento do presunto incapaz. A prodigalidade: procedemento e efectos.
Tema VI: A nacionalidade e a veciñanza civil.	A nacionalidade: concepto. Adquisición da nacionalidade española: adquisición orixinaria (atribución e dereito de opción) e non orixinaria (dereito de opción, carta de natureza, residencia). A consolidación da nacionalidade española. Perda da nacionalidade española. Recuperación da nacionalidade española. Dobre nacionalidade. Proba da nacionalidade española. A veciñanza civil: concepto e réxime xurídico (adquisición, perda e proba).
Tema VII: O domicilio.	Concepto e significado. Clases de domicilio. Pluralidade de domicilios e falta de domicilio. A ausencia: concepto e relevancia xurídica. A defensa do desaparecido. A ausencia non declarada no Dereito civil galego. A ausencia legal: requisitos, efectos e terminación. A declaración de falecemento: requisitos, efectos e cesación.
Tema VIII: O Rexistro Civil.	O Rexistro civil: concepto, significado e lexislación. Características xerais. Feitos inscribibles. Principios do Rexistro civil. Estrutura do Rexistro civil. Títulos que acceden ao Rexistro civil, control de legalidade. Asentos do Rexistro civil. Publicidade do Rexistro civil.
Tema IX: A persoa xurídica.	Concepto, función e significado. Abuso da persoa xurídica e levantamento do veo. Clases de persoas xurídicas. Constitución, adquisición e extinción da personalidade. Capacidade da persoa xurídica. Representación, domicilio e nacionalidade. Extinción da persoa xurídica. A asociación: concepto e regulación. Órganos. A fundación: concepto e regulación. Constitución da fundación. Órganos. Extinción e liquidación.
Tema X: As cousas.	Concepto e requisitos. Clasificación. Bens de dominio público e de propiedade privada. O patrimonio.
Tema XI: O dereito subxectivo.	Dereito subxectivo e relación xurídica: concepto. O Dereito subxectivo: clasificación. Exercicio dos dereitos subxectivos. Límites dos dereitos subxectivos: clasificación. A boa fe. O abuso do dereito. A doutrina dos propios actos. Limitacións temporais: a prescrición e a caducidade.
Tema XII: Feitos, actos e negocios xurídicos. A representación.	O feito xurídico e o acto xurídico. O negocio xurídico: concepto e clases. Elementos esenciais do negocio xurídico: obxecto, causa, forma e declaración de vontade. Elementos accidentais do negocio: condición, termo e modo. Os vicios da vontade. Ineficacia do negocio xurídico. A representación: concepto e clases. Apoderamiento e ratificación.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos	16	16	32
Estudo previo	0	15	15
Lección maxistral	33	21	54
Estudo de casos	1	10	11
Traballo	1	3	4
Exame de preguntas obxectivas	1	33	34

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

Descrición

Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Estudo previo	Busca, lectura e traballo de documentación, previo ás clases ou prácticas de laboratorio, que realiza o alumnado de forma autónoma.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que deberá desenvolver o estudante.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a tutorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual). Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para o asesoramiento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. Atención a preguntas e dúbidas formuladas polo alumno nas tutorías da materia.
Estudo de casos	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a tutorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual). Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para o asesoramiento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. Atención a preguntas e dúbidas formuladas polo alumno nas tutorías da materia.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Estudo de casos	Esta proba inclúe a realización de casos prácticos: Evaluación dos casos prácticos planteados na aula, que se realizarán de forma individual ou en grupo, segundo a proposta do/a profesor/a.	40	A2	B1	C40	D1 D3 D4 D5
Traballo	Esta proba inclúe a realización dun traballo en grupo, que será exposto polo alumnado na aula, así como a realización de resúmenes e/o cronogramas.	20	A2 A3 A4 A5	B1		D1 D3 D4 D5
Exame de preguntas obxectivas	Proba que avalía o coñecemento que inclúe preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadero/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos/as seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades	40	A2 A4	B1 B4	C40	

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Enténdese, como regra xeral, que os/as alumnos/as optan polo sistema de avaliación continua. O/a alumno/a que opte polo **sistema de avaliación continua**, para poder compensar a parte teórica e práctica da materia deberá obter como mínimo, no examen de preguntas obxectivas un 4 sobre 10 e na parte práctica da asignatura -integrada polos casos prácticos, traballo/s e/o exposicións orais, ademais de resúmenes e cronogramas- un 3 sobre 10. O examen de preguntas obxectivas ten un valor do 40% da cualificación; o estudo dos casos prácticos un 40 %; e os traballos realizados e expostos en grupo, ademais dos cronogramas e resúmenes teñen un valor do 20% da cualificación da materia.

O/A alumno/a que **non se acolla ao sistema de avaliación continua** por deixala, por non poder asistir ou por calquera outro motivo, deberá facer unha proba final integrada por un examen de preguntas obxectivas en relación cos contidos da materia, en número superior ás formuladas aos/as alumnos/as que opten polo sistema de avaliación continua, cun valor do 50% da cualificación e, ademais, un/uns caso/casos prácticos e/o comentario/s de institución xurídica ou sentenza cun valor do 50% da cualificación. O/A alumno/a, para poder compensar a parte teórica e a parte práctica do examen final deberá obter, como mínimo, un 4 sobre 10 na parte teórica do examen e un 3 sobre 10 no/s caso/casos e/ou comentario/s de institución xurídica ou sentenza.

No mesmo curso se guardarán as **notas da avaliación continua** do segundo período para xuño/xullo.

**Convocatoria Fin de carreira:** Os/as alumnos/as deberán facer unha proba final integrada por un examen de preguntas obxectivas en relación cos contidos da materia, en número superior ás formuladas aos/as alumnos/as que opten polo sistema

de avaliación continua, cun valor do 50% da calificación e, ademais, un/uns caso/casos prácticos e/ou comentario/s de institución xurídica ou sentenza cun valor do 50% da calificación. O/a alumno/a, para poder compensar a parte teórica e a parte práctica do examen final deberá obter, como mínimo, un 4 sobre 10 na parte teórica do examen e un 3 sobre 10 no/s caso/casos e/ou comentario/s de institución xurídica ou sentenza.

**Alumnos/as con necesidades especiais:** Se realizará a adaptación curricular dacordo con o suxerido polo coordinador de discapacidade según os protocolos da Universidade.

**As datas e horarios das probas de avaliación** das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2020/2021.

A **reseña bibliográfica** que se inclúe nesta guía docente ten por obxecto facilitar aos/ás alumnos/as unha lista aberta de posibles manuais sobre os contidos da materia, cun carácter meramente informativo, aos que poidan acudir para completar as explicacións que proporcione o/aa profesor/a na aula.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

LASARTE, C., **Principios de Derecho civil, Tomo I**, última edición,

O`CALLAGHAN, X., **Compendio de Derecho Civil, tomo I**, última edición,

DÍEZ-PICAZO, L./GULLÓN, A., **Sistema de Derecho civil, volumen I**, última edición,

ALBALADEJO, M., **Derecho civil, tomo I**, última edición,

**Código civil**, última edición,

### **Bibliografía Complementaria**

**Ley 2/2006, de 14 de junio, de Derecho civil de Galicia**, última edición,

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Dereito civil I. Obrigas e contratos/V08G081V01301

Dereito civil II. Dereitos reais/V08G081V01404

Dereito civil III. Familia e sucesións/V08G081V01501

---

## **Outros comentarios**

O alumnado deberá dispor, a partir da segunda semana de docencia da materia, dun Código civil e da Lei 2/2006, de 14 de xuño, de Dereito civil de Galicia.

Esta materia será impartida no PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas-Grao en Dereito no 1º cuatrimestre do 2º curso pola profesora Teresa Estévez Abeleira.

---

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

Mantéñense as metodoloxías, contidos, avaliación e tutorías, coa excepción de que estas se desenvolverán total ou parcialmente mediante as ferramentas telemáticas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico, plataforma Faitic).

Si fose o caso, podería establecerse un plan de contingencia que derivase nunha modalidade mixta, na que unha parte do estudiantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono.

Si fose o caso, poderíase establecer incluso unha forma totalmente non presencial.

Nestes supostos manteranse igual as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando, no seu caso, os grupos do alumnado e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

Facilitaríanse, á súa vez, recursos online para a preparación e realización de materiais a través da plataforma Faitic.